



Un luxo, Dario

Título: Dario a diario.

Autor: Xela Arias.

Editorial: Edicións Xerais.

Que si, que si, que cho digo eu e aqueles de longa barba branca e pelo cano din que teñen a imaxe da sabiduría; e se eu estou así por responder a unha imaxe, cómo non estarás ti que lés un libro e es protagonista e hai que ver cómo te queren. Chegarás aos meus anos e veraste nel, e nel verás a cautivadora sensibilidade da túa nai Xela. Porque o libro é iso, sensibilidade pura, sábia sensibilidade perfectamente medida e expresada cunha valentía e eficacia fóra do comun. Porque, verás, cómpre ser moi valente para recoñecer nas cousas do día a día aquilo que é inmortal. Vémolos todos pero preferimos contemplar á sucesiva sucesión de imaxes e son do televisor e non paramos mentes na importancia de cando dixeches ma-ma-má, se acaso tomámo-lo a chiste.

Leitor, ben ves que estou impresionado e quixera que ti o estiveras coma min. Aparentemente, os versos escritos a un recién nacido semella que non deben mover tan grandemente a febra do corazón, tan afeitos como estamos á bágoa fácil de seriais ñoños e americanos. Pero, como ben di o refrán, todo é empezar. E eu convidote a que te poñas. Quizá lendo o segundo poema me mires de reollo e me chates o dito de esaxero. O que pasa é que, aínda que o teu duro sentir non madurara, é necesario.



Xela Arias.

Segue e vólveo reler cando remates, xa ten outro sentido. Eu aínda che concedo que tanto este como o primeiro están un chisco forzados pola evolución lóxica do que é un diario. Pero hasme conceder ti que en ningún momento se perde o ton gardado nos restantes poemas, esa sublimación da sensibilidade perante as cousas aparentemente máis insignificantes pero finalmente tan trascendentes.

Mira, pouco a pouco hei ir deixando lastre emotivo. Non debe parecer, baixo ningún concepto que os xuízos que emito non parten da racionalidade, fría e obxectiva. Este libriño, porque é pequeno, tan ben coidado e de presentación suxestiva e agradable, non debe, pasar polas librerías e catálogos como un libro-

homenaxe simplemente. Que iso non nos predetermine porque, do contrario, hanos pasar por diante dos ollos un extraordinario exercicio poético onde, coa brevidade necesaria e o ritmo preciso se pintan as emocións da vida vivida e da que vai vivir e o que entre si entretécen. Eis, pois, unha dimensión inagardada: a universalidade, ou iso quixeramos crer que ditiren as bandeiras e entre si os ríos.

Precisamente pola súa dimensión eu definiríao como oracións cósmicas, breves oracións de significado fondo. É raro o poema longo, pero tanto nuns coma noutros Xela Arias aprésentase como unha moi hábil poeta manexando os recursos de que bota man.

As veces hai unha breve, pero intensa descripción, para acabar conclusivamente como todos. E en todo caso o dominio do ritmo e a precisión do pensamento discursivo son excelentes. Que é Xela muller valente e mostra o seu interior sen ambigüidades, logrando unha mensaxe universal; creo que xa o dixen, ben está repetilo.

O que aquí non atoparás, lector, é palabras vacías e bonitas, retórica do preciosismo fútil. Todo o que está, está porque ten que estar o ten que estar porque ten algo que dicir. Non se debe ler o poema e pasar a follas. ♦

O libro é
sensibilidade
pura,
sábia
sensibilidade
perfectamente
medida